

**CONTRATO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA CASA DE CULTURA DE BERTAMIRÁNS INCLUÍDA NA CONVOCATORIA DO PAS ANUALIDADE 2015 (PAS 2015)**

**Na Casa do Concello de Ames a 22 de marzo de 2017**

**REÚNENSE:**

Dunha parte, D. José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido da secretaría do Concello, D<sup>a</sup> Rosa Ana Prada Queipo, en execución dun acordo relativo a unha adxudicación de obra, que foi adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 9 de marzo de 2017.

Doutra parte, don José Antonio Ramos Mantiñán, con NIF 47401380-J, en representación da empresa "CYS HISPANIA SL" con CIF B-74282781 e domicilio na rúa República del Salvador nº 6-baixo de Santiago de Compostela (A Coruña).

É o obxecto da presente reunión formalizar e asinar o contrato administrativo de execución da obra "**de reparación e mellora casa de cultura de Bertamirás**", e ó obxecto establecen as seguintes

**CLAÚSULAS:**

1<sup>a</sup>.- O Concello de Ames adxudica a CYS HISPANIA SL a realización das obras comprendidas no proxecto de "reparación e mellora casa de cultura de Bertamirás" no prezo de cincuenta e cinco mil oitocentos vinte e nove euros e nove céntimos (**55.829,09.- €**) máis o IVE repercutible ao tipo do 21% que ascende a contía de once mil setecentos vinte e catro euros e once céntimos (**11.724,11.- €**) de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2<sup>a</sup>.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3<sup>a</sup>.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4<sup>a</sup>.- A obra será executada no prazo máximo de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5<sup>a</sup>.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **2.791,46.- €**, mediante aval de Abanca Corporación Bancaria SA. inscrito no rexistro especial de avais co nº 359091, correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

6<sup>a</sup>.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,-



**Concello de AMES**  
Pz. do Concello, nº 2, Bertamirás  
15220 AMES (A Coruña)  
Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925

A SECRETARIA,-



O CONTRATISTA,-



**CYS HISPANIA**  
CONSTRUCCIÓN S.L.  
Pintor Urbano Lugo, 2 Baixo  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
E211991